



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al proyecto para la construcción de un nuevo puente sobre el río Cabe en Monforte.**

La Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) acaba de publicar en el BOE el proyecto de construcción de un nuevo puente metálico sobre el río Cabe, entre la Rúa Santa Clara y el Paseo do Malecón de Monforte, que sustituirá a la actual pasarela peatonal de madera. Se abre así un periodo de alegaciones dentro del proceso de tramitación para la autorización del proyecto promovido por el Ayuntamiento.

Este se considera el último trámite administrativo para disponer de los permisos necesarios para ejecutar la obra tras la adaptación del Plan Hidrológico y el visto bueno del Ministerio para la Transición; no obstante, el proyecto cuenta con la oposición de gran parte de la población, grupos políticos y entidades ecologistas.

Esta oposición se debe a que el nuevo puente, destinado al tráfico rodado, se situará en una de las zonas más valiosas de la ciudad desde el punto de vista medioambiental. La actual pasarela peatonal sobre el río se encuentra en una zona verde, pero ahora se pretende acometer una ampliación de estructura, con rampas de acceso de hasta 3 metros de altura, alterando completamente el margen del río e introduciendo elementos ajenos a su entorno natural, para permitir el paso del tráfico rodado por el centro de la ciudad y sobre la cuenca.

Por lo tanto, el nuevo puente provocará un impacto claramente desproporcionado que transformará de forma irreversible el entorno del río sin una justificación clara que avale la obra, cuando existen otras alternativas que no han sido analizadas de forma seria.

En efecto, es preciso poner en funcionamiento un plan de movilidad en la ciudad que facilite la circulación rodada al tiempo que se protegen elementos patrimoniales, como el antiguo puente viejo, pero la construcción de un nuevo puente en un valioso entorno verde de Monforte no puede ser la solución, ya que aislaría el parque del Malecón y provocaría un incremento innecesario del tráfico en la zona centro. Por lo tanto, resulta necesario proyectar vías alternativas para la circulación de vehículos, planificando un entorno urbano para las



personas, no para el tráfico.

Así pues, los vecinos y vecinas y las entidades que se oponen a la construcción del nuevo puente presentaron alegaciones al proyecto publicado por la CHMS para proceder a autorizar la obra. Argumentos que, además de los ya expuestos en relación con la grave afectación de una zona verde y del río, incluyen que el propio proyecto reconoce la existencia de afectaciones en el dominio público hidráulico, incluyendo expresamente la zona de servidumbre del río Cabe.

Además, el proyecto expuesto también declara expresamente que el puente planificado excede la zona de servidumbre en parte de su recorrido, principalmente en el desembarque del puente con las rampas proyectadas en el Paseo do Malecón y en sus inmediaciones. Por lo tanto, la delimitación real de la zona de servidumbre no coincide con el trazado del paseo existente, sin que el proyecto acredite de manera expresa su plena adecuación a la normativa vigente o la existencia de las preceptivas autorizaciones administrativas. Sin embargo, en lugar de corregir la afección, el proyecto se limita a indicar que el ámbito de actuación no generará daños en la zona de servidumbre cuando se proponga su ocupación.

Cabe recordar que el Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas, y el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del Dominio Hidráulico Público, establecen que la zona de servidumbre constituye una franja de protección para uso público sujeta a limitaciones estrictas, en la que no pueden autorizarse actuaciones incompatibles con su régimen jurídico ni consolidar ocupaciones no ajustadas a derecho.

En definitiva, la obra proyectada ocupará una zona natural con una grave afectación y afectará a la zona de servidumbre del dominio hidráulico público, por lo que la CHMS debe velar por el cumplimiento de la legalidad y denegar la autorización para cualquier actuación que implique la ocupación, la afección o la consolidación de usos dentro de la zona de servidumbre que no estén expresamente permitidos por la legislación aplicable.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Conoce el Ministerio de Transición Ecológica y Reto Demográfico el proyecto para la ampliación de un puente peatonal sobre el río Cabe en medio de una zona verde,



- afectando la servidumbre del dominio hidráulico público para el tráfico rodado?
2. ¿Qué valoración hace el Ministerio del proyecto mencionado? ¿Es cierto, tal y como se recoge en varios artículos periodísticos, que el nuevo puente para la circulación del tráfico rodado cuenta con el visto bueno del Ministerio?
  3. ¿Comparte la necesidad de proteger las zonas verdes y naturales de la ciudad y de planificar la mejora de la movilidad urbana en la ciudad sin afectar al medio natural ni al cauce del río Cabe?
  4. ¿Tendrá en consideración la CHMS las alegaciones recibidas por parte de los vecinos y vecinas, partidos políticos, asociaciones y entidades ecologistas y denegará la autorización necesaria para la ampliación del puente peatonal, que implicará una grave afectación del medio natural y la zona de servidumbre del dominio hidráulico público en el río Cabe?
  5. ¿Ha recibido la CHMS o el Ministerio alguna solicitud de colaboración económica para la financiación de la citada obra? ¿De ser así, cuál es la posición al respecto?

En Madrid, a 8 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

08 ABR. 2026 13:47:41

Entrada **109078**

Sobre o proxecto de ampliación da ponte peonil no Paseo do  
Malecón de Monforte

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao proxecto para a construción dunha nova ponte sobre o río Cabe en Monforte.**

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) vén de publicar no BOE o proxecto construtivo para unha nova ponte metálica sobre o río Cabe, entre a Rúa Santa Clara e o Paseo do Malecón de Monforte, que substituirá á actual pasarela peonil de madeira. Abre así un período de alegacións dentro da tramitación para a autorización do proxecto promovido polo Concello.

Este é considerado o último trámite administrativo para dispor dos permisos precisos para executar a obra despois da adaptación do Plan Hidrolóxico e o visto e prace do Ministerio para a Transición, porén, o proxecto conta coa oposición con grande parte da veciñanza, grupos políticos e entidades ecoloxistas.

Esta oposición débese a que a nova ponte, que prevé tráfico rodado, situarase nunha das zonas máis valiosas da vila do punto de vista ambiental. A actual pasarela peonil sobre o río sitúase nunha zona verde, mais agora preténdese acometer unha ampliación da estrutura, con ramplas de acceso de até 3 metros de altura, alterando completamente a marxe do río e introducindo elementos alleos á súa contorna natural, para facer pasar o tráfico rodado polo centro da vila e sobre a bacía.



Así, a nova ponte provocará un impacto claramente desproporcionado que transformará de forma irreversible o entorno do río sen xustificación clara que avale a obra cando existen outras alternativas que non foron analizadas de forma seria.

Efectivamente, é preciso pór en funcionamento un plan de mobilidade na vila, que facilite a circulación rodada ao tempo que se protexen elementos patrimoniais, como a antiga ponte vella, mais a construción dunha nova ponte nun valioso entorno verde de Monforte non pode ser a solución, pois cortaría o parque do Malecón e provocaría un incremento innecesario do tráfico na zona centro. O que resulta, por tanto, necesario é proxectar vías alternativas para a circulación dos vehículos, planificando un entorno urbano para as persoas non para o tráfico.

Así pois, a veciñanza e entidades que se opoñen á construción da nova ponte presentaron alegacións ao proxecto publicado pola CHMS para proceder a dar a autorización á obra. Argumentos que, ademais dos xa expostos en relación á grave afectación dunha zona verde e do río, recollen que, no propio proxecto se recoñece a existencia de afeccións ao dominio público hidráulico, incluíndo expresamente a zona de servidume do río Cabe.

Ademais, o proxecto exposto tamén ven a declarar expresamente que a ponte planificada excede da zona de servidume en parte do seu recorrido, principalmente no desembarco da ponte coas ramplas proxectadas no Paseo do Malecón e nas inmediacións deste. Por tanto, a delimitación real da zona de servidume non coincide co trazado do paseo existente, sen que o proxecto acredite de maneira expresa a súa plena adecuación á normativa vixente nin a existencia das preceptivas autorizacións administrativas. Porén, en lugar de corrixir a afección, o proxecto limitáase a indicar que o ámbito de actuación non xerará danos na zona de servidume cando se formula unha ocupación da mesma.

Cabe lembrar que o Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e o Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico,



establecen que a zona de servidume constitúe unha franxa de protección de uso público sometida a limitacións estritas, na que non poden autorizarse actuacións incompatíbeis co seu réxime xurídico nin consolidarse ocupacións non axustadas a dereito.

En definitiva, a obra proxectada ocupará unha zona natural cunha grave afectación e afectando a zona de servidume do dominio público hidráulico, polo que a CHMS debe velar polo cumprimento da legalidade e denegar a autorización dunha actuación que suporía a ocupación, afección ou consolidación de usos dentro da zona de servidume que non estean expresamente permitidos pola lexislación aplicábel.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Coñece o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico o proxecto para ampliación dunha ponte peonil sobre o río Cabe en plena zona verde e afectando a servidume do dominio público hidráulico para o tráfico rodado?
2. Que valoración fai o Ministerio do citado proxecto? É certo, tal e como se recolle en distintos artigos xornalísticos que a nova ponte para a circulación de tráfico rodado conta co visto e prace do Ministerio?
3. Comparte a necesidade de protexer as zonas verdes e naturais da vila e de planificar a mellora da mobilidade urbana na vila sen afectar ao medio natural e á canle do río Cabe?
4. Terá en consideración a CHMS as alegacións recibidas por parte da veciñanza, partidos políticos, asociacións e entidades ecoloxistas e denegará a autorización necesaria para a ampliación da ponte peonil que implicará unha grave afectación do medio natural e a zona de servidume do dominio público hidráulico no río Cabe?



5. Recibiu a CHMS ou o Ministerio algunha solicitude de colaboración económica para o financiamento da citada obra? De ser así, cal é a posición ao respecto?

Madrid, a 8 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**